



## INFORMACIÓN SOBRE O SEGURO ESCOLAR

Ademais do seguro escolar da Seguridade Social que ten cobertura para todos os alumnos e alumnas escolarizados no estado español, nos centros educativos de Rois hai un seguro contratado polo Concello coa aseguradora Allianz e renovado ano a ano que presenta mellores e maiores coberturas, e permite incluso a atención nun centro privado (Policlínico da Rosaleda, Santiago de Compostela).

No caso de producirse un accidente, se o caso requirise dese tipo de atención médica especializada, o centro educativo expediría un informe que, acompañado do número de póliza, serviría para que o alumno/a fose atendido no centro indicado.

Este informe expedirase a petición da familia se a gravidade do caso así o require ou se llelo indican no centro de saúde por parte do médico de cabeceira.